

RECOÑECE A SOCIEDADE A TRASCENDENCIA DO DEPORTE NA EDUCACIÓN DOS ADOLESCENTES?

- Por que costa tanto facer equipos en **VOLEI**, e mantelos nas distintas categorías?
- Por que hai tan poucos rapaces que empezaron a facer **ESGRIMA** no instituto este ano da man de Ruth?

Estamos fartos de escoitar que a xuventude de hoxe en día non fai deporte, de botarlles en cara que non teñen inquiredanzas, motivacións...

De verdade cremos que a culpa de que non fagan deporte é dos rapaces? Esta é unha pregunta incómoda, que a ninguén lle gusta facerse porque implica autocrítica. Porque os adultos temos responsabilidade nesta cuestión, obviamente.

Se os nosos políticos, e administracións competentes, deseñasen uns curriculums reais e menos fantásticos. Se os rapaces non levaran tantos deberes de tantas materias e non tiveran que ir a tantas pasantías. En Zalaeta as nais/pais, a Dirección, o profesorado en xeral, o profesorado de EF: Estamos por favorecer que os xoves fagan deporte ou actividade física? Nós pensamos que en Zalaeta temos un alumnado moi bo, grazas as familias preocupadas pola formación dos seus fill@s, e polo bo traballo que desempeña o profesorado, dirección, secretaría, conserxería, cafetería... Hai un bo ambiente humano e de traballo, os grupos en xeral son respectuosos e traballadores.

É o sistema educativo actual o que é pouco flexible e moi excluinte, o que non axuda nada. Porque levar os contidos teóricos de máis de 10 materias ao día. E ademais, que teñan tempo para facer deporte, é pedir días de 28 horas. **Sexamos realistas, non todo o alumnado ten as capacidades suficientes para poder facelo todo e con éxito.**

Cremos que cunha distribución das materias máis coherente por cursos e etapas. Cunha carga lectiva escolar máis equilibrada na distribución dos contidos teóricos ou conceptuais e os procedimentais ou prácticos. A carga de traballo para casa sería máis razoable. E teríamos unha

xuventude máis satisfeita, con menos problemas de saúde, e por suposto máis competente non só academicamente...



Vivimos nunha sociedade contraditoria, aos xoves por unha banda lles dicimos que fagan deporte. Pola outra que estean sentados despois da xornada laboral escolar, 3 ou 4 horas máis en casa ao chegar ao segundo ciclo da Secundaria.

- **Chegan dúas sesións de educación física de 40´semanais?**